



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**CTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 5 DE MAIO DE 2011**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuíña

CONCELLEIROS:  
D. Angel Manuel Rodal Almuíña  
Dna.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dna.María Iglesias Fernández  
Dna. María de los Angeles Silva González  
Dna.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dna.María Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
D.Manuel Rafael Estévez González  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez  
Dna.Laura Miguez Pérez  
Dna. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
D. Roberto C. Valverde Sabin

NON ASISTIU: D.Manuel A.González Marcote

SECRETARIA: Dna.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dna.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a cinco de maio de dous mil once, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as once horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, dando conta de que D.Manuel A.González Marcote escusou a súa presencia ó Pleno de hoxe por motivos laborais. Asemesmo da conta da entrega de invitacións ós concelleiros á exposición para o acto do próximo sábado do recoñecemento de Alfonso IX pola Fundación de Baiona, e posterior visita á interesante colección que cedeu a familia de D.Aurelio Rey Alar (quen fora Alcalde do ano 49 ó 51, propietario da Ferretería na rúa Alférez Barreiro), de fotografías antigas de Baiona. Agradece á familia dita cesión.

Pásase ó tratamiento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.**

**Acta do Pleno ordinario de data 14 de abril de 2011.**

**Acta do Pleno extraordinario de data 25 de abril de 2011.**

**SRA.PEREZ VIEIRA, PSOE.**- Quero escusar a miña ausencia no anterior Pleno do 25 de abril, por motivos persoais.

---



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer ás devanditas actas, e non producíndose ningunha intervención, fican aprobadas por unanimidade.

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións da Alcaldía.

**3.- MOCION DO EQUIPO DE GOBONO RELATIVA A CONSTRUCCION DE VIVENDAS DE PROTECCION NO PERI III.**

**4.- MOCION DO BNG RELATIVA A CONSTRUCCION DE VIVENDAS DE PROTECCION OU PROMOCION AUTONOMICA NO PERI III.**

O **SR.ALCALDE** comenta que procede que os portavoces do PP e do BNG procedan á lectura das respectivas mociones e posteriormente debateranse.

---

**3.- MOCION DO EQUIPO DE GOBONO RELATIVA A CONSTRUCCION DE VIVENDAS DE PROTECCION NO PERI III.**

O SR.ALCALDE cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

**MOCIÓN DEL EQUIPO DE GOBIERNO RELATIVO A LA PARCELA DEL PERI III**

En fecha 26/06/2007 se formalizó en escritura pública, tras la licitación correspondiente, el contrato administrativo entre el Ayuntamiento de Baiona y la entidad mercantil "INVERSIONES INMOBILIARIAS MARVIL, SA" por el cual el Ayuntamiento enajena a dicha entidad por importe de 366.514,33 euros más IVA la parcela J incluida en la Unidad de Ejecución nº 3, de uso residencial, con una superficie de 870,08 m<sup>2</sup>, situada en el Burgo cedida al Ayuntamiento de Baiona en virtud de cesión obligatoria del 10 por ciento del aprovechamiento urbanístico.

Como consecuencia del incumplimiento de los plazos de ejecución de las obras por parte del adjudicatario en fecha 23/11/2010 por resolución de Alcaldía se procede a la resolución del contrato administrativo entre el Ayuntamiento de Baiona y la entidad mercantil "INVERSIONES INMOBILIARIAS MARVIL, SAU" de enajenación de parcela J de titularidad municipal incluida dentro de Unidad de Ejecución numero 3 desarrollada por el Plan Especial de reforma interior número 3 con destino a la promoción de viviendas de protección autonómica con incautación de pérdida de las garantías definitiva y complementaria y se procedió al rescate del suelo en el importe en que fue adjudicado, con la minoración del importe resultante en un 25%, en concepto de indemnización por los daños causados." Dicho acuerdo se formalizó en escritura pública en fecha 25/11/2010.

Posteriormente el Ayuntamiento de Baiona procedió de nuevo a la licitación mediante procedimiento abierto con varios criterios de adjudicación de la parcela con un importe de enajenación TRESCIENTOS CINCuenta MIL CUARENTA Y DOS CON CUARENTA Y OCHO EUROS (350.042,48 euros). A dicha cantidad hay que añadirle el 18 por ciento de IVA.

Durante el período de licitación tras la publicación del anuncio en el BOP y perfil del contratante se presenta una única proposición económica por parte de BAIONA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

En fecha 8/04/2011 se constituye la mesa de contratación procediéndose a la apertura del sobre "A" correspondiente a la documentación general. Los miembros de la mesa de contratación, a la vista de la inclusión de la proposición económica correspondiente al anexo I del pliego de cláusulas administrativas particulares en el sobre de la documentación general acuerda por unanimidad requerir a la Secretaría del Ayuntamiento informe jurídico sobre dicha cuestión.

En fecha 18/04/2011 la Mesa de Contratación a la vista del informe jurídico adopta el siguiente acuerdo "*Primero.- Rechazar la proposición económica presentada BAIONA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS.*

*Segundo.- Declarar desierto el expediente de enajenación de la parcela parcela de titularidad municipal incluida dentro de la unidad de ejecución nº3 desarrollada por el plan especial de reforma interior nº 3 con destino a la promoción de viviendas de protección autonómica en régimen de venta o por importe de 350.042, 48 euros más 63.007,64 euros ascendiendo a un total de 413.050,12 euros mediante procedimiento abierto con varios criterios de adjudicación"*

Dicho acuerdo es ratificado por la Alcaldía como órgano de contratación en fecha 25/04/2011.

A la vista de las actuaciones el equipo de gobierno propone al Pleno de la Corporación el siguiente acuerdo

**Primero.-** Facultar al Alcalde para que mediante las fórmulas legales existentes continue en la consecución de la construcción de las viviendas de protección autonómica en la parcela j de la Unidad de Actuación del PERI 3.

**Segundo.-** Instar al Ministerio de Fomento para que restituya la concesión de subvenciones para la adquisición de viviendas de protección y convoque una línea de financiación y avales para la promoción de viviendas por parte de las Cooperativas y otras entidades de finalidad y carácter social, sen ánimo de lucro.

---

**CONTINUA.-** Creo que queda perfectamente explicada esta moción, desde el PP y desde el equipo de gobierno apostamos por facultar al Alcalde para que siga haciendo las gestiones oportunas para que estas 12,13 viviendas, en el PERI III puedan ser de protección autonómica, y en eso es en lo que seguimos trabajando.

**4.- MOCION DO BNG RELATIVA A CONSTRUACION DE VIVENDAS DE PROTECCION OU PROMOCION AUTONOMICA NO PERI III.**

O SR.ALCALDE cede a palabra á **SR. FERNANDEZ, BNG**, quen procede á lectura da seguinte:

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA**

No referente a vivendas sociais xa se ten debatido dabondo nesta mesma sala tanto na lexislatura pasada como nesta.

O resultado final foron a creación de 17 vivendas levadas a cabo en réxime de cooperativa e que resultaron un notable éxito.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Aínda así non é dabondo, a proba delo e que as últimas que se pretenderon levar a cabo no Peri III non foi posible por saír adxudicataria unha empresa que xa viña arrastrando problemas, a pesares de terlo advertido o noso grupo e buscar impedimentos o noso xuízo totalmente subsanábeis para non adxudicala a cooperativa tal como se tiña feito co as do Peri IV.

A recuperación da parcela do Peri III por incumplimiento do contrato, e o resultado obtido na súa posta a concurso novamente quedando valeira a súa adxudicación, así como tamén quedando deserto o concurso para facer un centro de benestar e actividades acuáticas na finca dos Tendais, demostra que a falla de financiamento que sofren a día de hoxe estas iniciativas, non deben de impedir a continuidade de proxectos que resolván a demanda de vivenda social. Proba e que a xuventude de Baiona sigue emigrando a outros concellos mais asequibles economicamente.

E necesario polo tanto novas iniciativas que saquen adiante estes proxectos, as administracións públicas deben de tomar as rendas e dar exemplo que resolván os problemas dos veciños/as.

**E polo que o BNG ten a ben propor a seguinte moción para o seu debate e aprobación se procede:**

**Por a disposición do Instituto de Vivenda e Solo, dependente da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a Parcela municipal do Peri III, e a parcela dos Tendais para a creación de vivendas de protección ou promoción autonómica.**

---

**Procédese ao debate das devanditas Mocións.**

**O Sr.Alcalde cede a palabra ó SR.RODAL, PP.**

**SR.RODAL, PP.-** Estamos de acuerdo en el tema de las viviendas de protección autonómica, pero no estamos de acuerdo desde el Partido Popular con el otro terreno: en el terreno de Los Tendales. Ya lo comentamos en su momento; nosotros apostamos porque se haga una piscina, aunque, como el Sr.Fernández imagino que me dirá después, no haya habido ninguna empresa que se haya presentado; pero seguiremos luchando por ello; por dos motivos: primero, porque no recuerdo si eran 43 viviendas las que se podían hacer cuando ustedes lo propusieron, pero yo creo que es muy importante en el momento que estamos (y usted lo ha dicho), que hay problemas de financiación, de hecho la cooperativa sí se presentó a este PERI III pero hubo un problema de financiación, aunque por lo que sé están intentando conseguirla; imagino que usted sabe perfectamente, mejor que yo, que son 20 asociados, la cooperativa está creada en Baiona, ha hecho en el PERI IV 17 viviendas, que ha sido un orgullo, lo han hecho muy bien, y que en ellas habitan, casi al 100%, personas del Municipio, aunque a lo mejor en el Reglamento se debería poner no solo que la persona esté empadronada en nuestro municipio sino que también sea según la antigüedad, porque yo me podría asociar a una cooperativa en Gondomar, por ejemplo, y se que van a hacer un edificio de protección autonómica, me apunto a esa cooperativa y me empadrono allí; pienso que no es así; debería pedirse unos años de antigüedad, porque creo además que todos los partidos que estamos aquí siempre defendimos que esas viviendas sean para la juventud y para que puedan vivir en nuestro pueblo, por ello creo que es muy importante el tema de la antigüedad.

Cuando le comentaba lo de la piscina es por un motivo, como en su momento defendí como portavoz del PP: le dije que la piscina daría empleo a más de 100 personas, porque creo que la vivienda es importante, pero lo primero más importante es tener un salario; si no hay salario no hay forma de poder pagar una hipoteca. La piscina nos daría 3 cosas: nos daría empleo para más de 100 personas; daría servicio a todo el municipio de Baiona y entorno; un servicio muy importante, lúdico, de ocio, con gimnasio, con spa; y por último, como ocurrió en Ramallosa, al



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

haber una zona lúdico-deportiva pues todos los locales que están en el entorno de Los Tendales tendrían mucha más vida, lo que supondría más negocio.

Por todo ello, desde el PP no vamos a entrar en la segunda parte, que es la del terreno de Los Tendales; pero sí en la primera propuesta, como pedimos nosotros, de otorgar potestad al Alcalde para que siga negociando e intentar que una empresa privada ó una cooperativa consiguieran esa financiación; que por cierto, nos encantaría que la consiguiera una cooperativa porque así podría poner las bases y decir que la mayor parte de la gente que pudiera optar a esas viviendas, mayoritariamente, fueran personas de nuestro municipio, que es lo que queremos.

Usted nos propone que lo entreguemos al Instituto de Vivienda y Suelo, de la Consellería de Medio Ambiente, y COPTOP, pero usted sabe que eso está dentro de una bolsa, y dentro de esas bolsas cualquier persona puede pedir 3 viviendas en Concellos limítrofes, o sea que podría entrar gente de Vigo, de Gondomar, ó de Baiona; eso no garantiza que toda la gente que pueda optar a esas viviendas sea de Baiona; cosa que la cooperativa sí puede solucionar poniendo dentro de sus cláusulas la condición de que la gente sea de Baiona. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Dende o grupo municipal socialista é un momento de satisfacción ver que tódolos grupos temos unha moción, unha idea, de facer vivendas sociais en Baiona, a prezo taxado; polo tanto, en principio, é un bo punto de partido; que tódolos grupos estemos nesa actitude.

Pola nosa parte, como comentamos na Comisión Informativa, creemos que os dous partidos que presentan estas mocións poderían chegar a un acordo para votar unha soa moción que fora aprobada por tódolos grupos.

Nestes momentos creo que de pouco vale decir que vamos a pór á disposición da Consellería de Vivenda cando o mandato noso está chegando ó límite, ou tamén dicir facultar ó Alcalde cando tamén ten os días contados, aínda que posiblemente moitos dos que están aquí continúen. Penso que tanto un grupo como o outro poderían quedar en que os grupos do Concello de Baiona están por estudiar a posibilidade de facer vivendas a prezo taxado no Concello de Baiona e despois xa que a próxima Corporación decida exactamente onde teñen que estar.

Pola nosa parte queremos aportar a idea, que o noso grupo sempre tivo, da posibilidade de que estas infraestructuras, vivendas sociais a prezo taxado, se leven a cabo cunha promoción municipal e coa posibilidade de que o Concello de Baiona cree unha empresa municipal para a xestión deste tipo de vivendas; esa é a aportación que queremos fazer aquí. Dicir que en principio estamos totalmente dacordo con que en Baiona se estude a posibilidade de facer vivendas a prezo taxado porque é algo que necesitamos con urxencia, e despois que a próxima Corporación decida onde van a estar. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nós estamos encantados de ser os que levamos o ritmo do baile; marcando nós as intervencións no Pleno, me refiro ás Mocións; o digo porque basta con que metamos nós unha moción o día 27 para que ó día seguinte o equipo de goberno meta outra, a correr; pero cando eu bailo gústame marcar a miñ o paso, levar eu o ritmo; por iso estou contento.

Efectivamente nós presentamos esta moción porque creo que non é escusa para ningún goberno que a crise actual que soportamos neste país sexa motivo para deixar empantanado no caixón un proxecto como este; a necesidade esixe buscar novas alternativas e aínda que a que nós presentamos non é nova, non é nova porque xa foi reclamada nesta sala en varias ocasións, creemos que sí se debe dar un paso adiante.

Dicimos que se poñan a disposición da Xunta de Galiza as parcelas, e isto significa un sacrificio para o Concello porque unha das posibilidades é que non se cobre nin un só euro por elas, nin un só euro; e iso evidentemente para quen goberna é un sacrificio que debe ter en conta; non obstante a situación actual creemos que debe ser arrimar o hombro todos, e esta pode ser unha solución.

Outra solución, como dicía o compaño Lores, é crear unha empresa municipal promotora; que estaríamos dispostos a apoiálo, pero evidentemente creemos que esta cuestión se debe levar



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

por fases e a primeira fase sería pór a disposición da Xunta de Galiza; e que a Xunta se implique (como estivo implicado o bipartito no seu momento) en sacar adiante estes proxectos, que por certo, se reclamara dende o bipartito a parcela dos Tendais para facer 45 vivendas, segundo os propios estudios da Xunta de Galicia, e creemos que sería unha boa solución para aminorar a longa lista de demandantes que existen de vivendas sociais.

Cando se aprobou a adxudicación a MARVIL nós advertimos (está na acta reflexado), porque nos molestamos en preguntar en Tomiño sobre todo, onde a empresa levaba a cabo actuacións, e a información foi taxante, foi por parte da Alcaldesa de Tomiño, de que tódalas edificacións que se estaban facendo por parte desta empresa en Tomiño estaban no Xulgado; iso o dixen eu aquí; non importou, se quixo levar adiante ese proxecto. Me alegra oír agora ó portavoz do PP defendendo ás cooperativas; a pena foi que non o fixera naquel momento; se defendera daquela á cooperativa, que está formada case na totalidade por xente de Baiona, se o houbera feito naquel momento, agora mesmo esta parcela estaría construída e estarían vivindo nela, como na parcela do PERI IV. Non o fixeron así, meteron o barco nas pedras e agora atopámonos nesta tesitura. Iso en canto a finca do PERI III.

Con respecto á finca do PERI IV, vostedes teñen moitas ganas de sacar adiante vivendas de protección e promoción autonómica, pero no o fan; é como cando nos din aquí que están dacordo coa nosa moción pero que teñen que votar en contra; e a letanía destes últimos 4 anos. Dicen unha cousa e fan outra.

Creo que as cousas están ben claras; o Sr.Rodal dicía que non hai salarios para pagar as vivendas que nós propomos, pero en cambio si hai salarios para pagar unha piscina; é dicir: non temos onde vivir pero podemos ir a bañarnos; entón salarios hai e a xente se anima a comprar vivendas de promoción autonómica, pero senón lle damos a axuda que temos que darlle pois claro, pasa o que pasa.

Dicía vostede que a piscina é necesaria, que vai a dar un servizo a Baiona e o seu entorno; eu de verdade que non sei a quien lle encargan vostedes os informes económicos pero a verdade é que este foi bastante de risa onde pon que a piscina de Baiona, esa que por un bono familiar en vez de 20 euros como en Ramalloso, vamos a pagar 70 (quen poida usala); debía sostenerse nos usuarios que poida dar a Baiona, Oia, e Tomiño; a verdade é que tivo bastante imaxinación a persoa que fixo este informe; eu cada vez que leo un informe deste tipo acórdome do informe de impacto medioambiental que presentaron cando foi o de RONAUTICA que dicía que soamente había miñocas onde ían a montar o Clube deportivo. Cando se colle un informe deste tipo, ou como o outro do Aral, que dicía que para ser sostible ese aparcamento había que eliminar tódalas prazas de superficie, claro; penso que estes informes deben estar feitos polas mesmas persoas; xa non creo nada neses informes; se xustifica o expediente, pero nada máis. O empresario que monte unha empresa con este tipo de informes dura o canto dun galo.

Seguimos na mesma tesitura; reafirmámonos na nosa postura inicial; o acertado é trasladar, pór a disposición da Xunta de Galicia a parcela do PERI III debido ás circunstancias que estamos vivindo, xa vimos o outro día que a Cooperativa non ten capacidade económica para desenvolver este proxecto, é imposible a estas alturas; e pór a parcela dos Tendais tamén a disposición da Xunta, que o Sr.Fejoo deixe de vender fume no seu Goberno, que se implique dunha vez, que deixe de mentirle á xente, como mentiu no tema do paro, que dixo que en 45 días ía acabar con él, e ahí temos os resultados; e en moitas cousas máis; que dean solucións ós problemas reais deste Concello; e con respecto o que din vostedes na súa Moción, eu entendo que foi feita a correr e as cousas feitas a correr as veces non saen moi ben. No primeiro punto: *"Facultar al Alcalde para que mediante las fórmulas legales existentes continué en la consecución de la construcción de las viviendas de protección autonómica en la parcela j de la Unidad de Actuación del PERI 3."*; xa está facultado, Sr.Alcalde, o que fai falta é facelo, pero facultado xa está vostede; fai 4 anos que o facultaron como Alcalde.

Despois di a moción: *"Instar al Ministerio de Fomento para que restituya la concesión de subvenciones para la adquisición de viviendas de protección y convoque una línea de financiación y avales para la promoción de viviendas por parte de las Cooperativas y otras entidades de finalidad y carácter social, sen ánimo de lucro"*; eu me pregunto qué será de



## EXCMO. CONCELLO

D E

### BAIONA

(PONTEVEDRA)

vostedes o día que non este Zapatero, ¿a quen lle botarán as culpas?, porque é un rapatundas este señor Zapatero (e moitas veces con razón); pero teñen que ir buscando alternativas. Eu, ó contrario do que dicía o Sr.Lores, non me presento a unhas eleccións sabendo que as vou a perder, senón xa non me presento; non teño espíritu de oposición, así de claro; polo tanto me presento para gañalas. No pouco tempo que lles quede, busquen outro rapatundas porque Zapatero xa debe ter as orellas coloradas de tanto que lle tiran délas; o día que lles falte Zapatero, a ver que vai a ser de vostedes. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Moitas grazas, Sr.Presidente; queridos concelleiros, futuros concelleiros, que hoxe nos acompañan aquí, que é unha gran satisfacción que hoxe estén aquí; estamos debatendo un tema e me gustaría facelo con sentido común porque parece que neste debate, polos intereses partidistas, desaparece o sentido común. Baiona necesita vivendas de protección, iso é inevitable, pero tamén necesita equipamentos; a ninguén se lle ocorre facer unha piscina fora do casco de Baiona, ou fora do casco de Sabarís, Baiona ten unha realidade xeográfica que é a que é; e aquí temos en marcha un PXOU que supoño que se aprobará na próxima lexislatura; está moi avanzado, está bastante consensuado, e supoño que salvo as diferencias que poida haber a tódolos grupos que entren lles vai a interesar aprobar ese Plan de Ordenación. Polo tanto, eu daría sempre prioridade ós equipamentos; e teñen que estar nas zonas que teñen que estar; nós consideramos que a parcela dos Tendais, que é unha zona que xa está saturada de vivendas, Ioxicamente é a zona idónea para ubicar a piscina ou calquera outra instalación. En principio o goberno municipal apostamos pola piscina, e eu estou seguro que nun futuro se fará, porque evidentemente agora está o Alcalde facultado para negociar directamente con empresas e haberá que chegar a un punto de acordo; a Administración posiblemente terá que pór unha cantidade para que á empresa lle sexa rentable a explotación, pero iso xa é un acordo máis económico-financiero que non un acordo de ubicación; esa é outra historia.

En canto ó tema das vivendas, lamentablemente estamos na situación que estamos; o outro día se fixo un concurso para sacar estas parcelas do PERI III de Sabarís e a entidade cooperativa non tivo a posibilidade de presentar unha garantía económica, pola falta de crédito, polos problemas de restriccións que hai actualmente; este é un problema gravísimo; gravísimo porque a economía está parada dependendo do crédito dos Bancos; se os Bancos soltan crédito Baiona ten posibilidades de facer vivendas noutros sitios: no PERI III, en futuras zonas que marque o Plan Xeral, etc.

En equipamentos se poden cometer errores históricos como o que se cometeu coa unificación das parcelas do PERI III e PERI IV, onde se negaron, por calquera circunstancia, houbo un momento en que cando nós acordamos (como din moitos aquí) xa era demasiado tarde; pero bueno, se trata de non volver a cometer eses errores; fagamos os equipamentos nas zonas que teñen que estar e logo fagamos as vivendas noutras zonas; penso que todos estamos dacordo con elo e supoño que no futuro os que estén aquí, na Corporación, van a defender os intereses de Baiona. Eu creo sinceramente que as parcelas dos Tendais teñen que ser para zona de equipamento e non para vivendas; para vivendas hai outros sitios; e oxalá se podan construír máis e a Banca axude a resolver este triste problema económico que padecemos porque ó final todos somos víctimas desta crise.

Aquí hai dúas propostas; a que me parece más lóxica, más acertada, más de sentido común, é a que presenta o goberno; e outra é más demagóxica, más dun período electoral, que é a que presenta o BNG. Aquí ten que prevalecer o sentido común, que é o que temos que presupornos todos; as eleccións son un campo que está ahí, e lles desexo os mellores éxitos a todos, pero para gobernar hai que facelo con sentido, e polo tanto entendemos que a proposta que fai o goberno municipal é a que temos que apoiar. Eu non tería ningún inconvinte en apoiar a proposta do BNG pero entendemos que está fora de contexto nestes intres.

Me gustaría que a maioría da Corporación aprobara a nosa proposta porque nós non estamos pechados á construcción de vivendas, que creo que tamén son necesarias, pero o triste é a situación que hai. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

**SR.RODAL, PP.-** Como decía el Sr.Lores, sí que hay otros recursos como es que el propio Ayuntamiento ejerza la licitación y lleve consigo la construcción de esta edificación, es una idea que se podría barajar.

Decirle al Sr.Fernández que Baiona, en los últimos seis años y medio, desde que estamos gobernando, es el único municipio del Valle Miñor que ha conseguido viviendas de protección autonómica, aunque haya sido una cooperativa; pero ha puesto terrenos a disposición; y eso usted lo sabe.

Con respecto a la piscina no voy a hablar mucho más; pero decirle que usted, en su momento, en el Pleno, comentó lo mismo sobre los 20 euros que se pagan en la piscina mancomunada y los 70 euros de la futura piscina de aquí; son datos tuyos, pero no son verdad; usted sabe perfectamente que cuando se creó la piscina mancomunada obviamente la construyó la Xunta, entonces lógicamente la empresa que lleva la gestión puede poner ese precio porque no tiene ni precio de alquiler, solamente tiene que mantener a sus operarios; y los 70 euros de aquí son porque hay Spa; si usted fue alguna vez a un spa sabrá que no paga solo el precio de piscina; una hora de spa, como puede ser en el Talaso, está entre los 19 y 25 euros una sesión, y con el precio de 70 euros se puede ir todo el mes; o sea, que no es lo mismo; estamos hablando de piscina con otro servicio; dice usted una verdad a medias.

Tocó usted también el tema de la creación de empleo; y me encanta que toque ese tema; porque a mí me llegó a casa (como a muchos de los que están aquí) uno de sus magníficos folletos que dan un montón de información, que yo no sé si alguien lo leerá, espero que sí, y usted dice: "*O Sr.Alcalde é o único, o máximo responsable desta desfeita, é o auténtico artífice de que sexamos un dos Concellos onde hai más medrou o índice do paro*"; ¿de dónde leches sacaría usted eso?, porque si usted sabe como está todo, también sabrá que en Baiona estamos ahora mismo en un 21% de desempleo, en Galicia estamos en el 16% de desempleo; en Vigo están en el 10%, rondando el 11%; ¿en qué índice estamos en Baiona?, dígamelo; en el 8,8%. Y le voy a leer un artículo del Atlántico Diario del sábado 16 de abril: "*Nigrán, municipio del Val Miñor donde más crece el paro, un 7%*"; (y no me alegro por ello); *Baiona es un oasis donde el desempleo cae en 12 meses un 1,6%*."; y ojalá que cayese más; de los 3 municipios del Valle Miñor Gondomar se mantuvo el último año, muy bien; en Nigrán, por desgracia, aumentó el paro; y en Baiona bajó un 1,6%, de hecho creo que ahora tenemos 1.105 parados; por lo tanto no sé de donde saca usted esos datos; como siempre está haciendo pre-campaña.

Nosotros, como le decía, defendemos a los baioneses, Sr.Fernández; obviamente queremos que haya viviendas de protección autonómica, queremos que la gente joven tenga viviendas donde estar, queremos, como usted dice, que es muy demagógico, que la gente no tenga que ir a vivir fuera, que no tengan que ir a Gondomar (aunque ahora allí la vivienda ya es muy cara); que no tengan que ir a Tomiño; incluso hay gente que tuvo que ir a vivir a La Cañiza; pero nosotros primero tenemos que buscar el bien de los baioneses, y usted lo ha dicho, si se le cede el terreno no vamos a cobrar esos 350.000 euros por el PERI III, y ya no me acuerdo la cantidad que sería los Tendales; y ese dinero no es para el Sr.Alcalde ni para mí; es para el Ayuntamiento; y con ese dinero se pueden gestionar muchas actividades y muchas actuaciones, y se puede contratar a mucha gente. Lo normal es seguir unos pasos lógicos; lo lógico es que se cree vivienda, pero conseguir dinero por esos terrenos; si no fuera así se llegaría al otro extremo, que sería cederlos a la Consellería de Medio Ambiente.

Usted no se que comentó algo al Sr.Lores de que tenía que tener ilusión, y usted tiene una ilusión tremenda por ganar estas elecciones; creo que le ha robado el slogan a Isabel Domínguez, que es "Ilusionate"; a usted le hace falta algo más que ilusión para ganar las elecciones, pero me parece estupendo. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Polo que se mira parece imposible chegar a unha moción única; aínda que nós entendemos que non son incompatibles, tanto o Sr.Rodal como o Sr.Xose Enrique están xa nunha posición preelectoral, o que é lexítimo tamén, e nós non vamos a entrar ahí.

Xose Enrique, eu non dixen que non me presentara para perder; non me presento, nin para gañar nin para perder. Malinterpretaronse miñas palabras; é simplemente unha aclaración; dixen que moitos dos que están aquí áínda van a ter a oportunidade de estar; e o Sr.Alcalde



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

tamén, non sei se como Alcalde ou non, pero vai a estar aquí; por iso dixen que o máis oportuno era deixar este tema, que é importante, e que senón fomos capaces de facer en 4 anos pois que non fagamos unha chapuza o último día; e como dicía o Sr.Vilar, se faga con criterio e con sentido.

Por parte do PSOE estamos a favor de que no PERI III haxa unha promoción, se pode ser municipal, de vivendas a prezo taxado, e non renunciamos tampouco a que esas vivendas se fagan nos Tendais, porque ademais foi o buque insignia do grupo socialista durante estes 4 anos e tampouco o último día íamos a deixar esa bandeira, porque foi nosa; independentemente de que algúns condicións obxectivas, se as hai, dentro dun ano ou cando sexa, se outra Corporación toma outros acordos, a nós iso tampouco nos preocupa nestes momentos en exceso; o único que nos preocupa é que se aproben estas dúas mociones e vamos a votar a favor das dúas; que se aproben as dúas para que en Baiona, dunha vez por todas, tódolos grupos estemos convencidos de que é unha necesidade que hai que facer e que hai que facela con sentido; e que despois e fora da loita electoral que se senten aquí os concelleiros para decidir. Pero o que sí temos claro é que esta é unha necesidade; que o partido socialista e o grupo municipal loitaron durante estes últimos anos porque isto fora unha realidade e estamos a piques de conquerílo; polo tanto, ánimo aos que veñen e adiante polo ben da sociedade.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Rodal, lle vou a dar os datos que recibín onte do meu grupo político, sacados do INEM: en "Baiona, Concello, habitantes," dí: 12.154 habitantes (é unha lectura oficial); *decembro do 2008: 888 parados; marzo do 2009: 997; decembro do 2009: 993; decembro do 2010: 1086; marzo 2011: 1.105*; se vostede está contento con estas cifras "apaga e vamos"; cando se está nun goberno, si se pensa que van a vir de fora a resolver os problemas, mal vamos.

Nós levamos insistido por activa e por pasiva o tema de resolver as vivendas en Baiona; vostede di que foron incluso ata A Cañiza veciños de Baiona, por suposto que si; Salceda, Cañiza, Tomiño, Gondomar, un montón de sitios; ¿é porqué sucede iso?: porque os prezos de mercado de Baiona son inalcanzables; non porque non haxa vivendas: hai un montón de vivendas baleiras sen vender; un montón de vivendas que están, con tódolo que baixaron, fora do alcance de calquera traballador ou traballadora. Vostedes teñen fai meses, fai anos incluso, un Plan Xeral metido no caixón, gardado, por interés político; unicamente por interés político; de pouco valeu que a xente lle reclamara o Plan Xeral, de pouco valeu que os empresarios dixeran que era un motor económico importante neste pobo aprobación do Plan Xeral; de pouco lle valeu; seguiron mantendo porque sabían que era un tema tan espinoso que podía costarlle a Alcaldía; por iso o tiveron no caixón; e dicía o Sr.Vilar que estaba moi avanzado: está rematado, Sr.Vilar; o Plan Xeral está rematado; e tan pronto o Alcalde chegara a conseguir a Alcaldía de novo o volvería a sacar sen ningún tipo de problemas, pasando o rodillo, con tódolo que iso significa: campos de golf, más vivendas baleiras, tódolo desastre que trae ese Plan Xeral.

Vostede dicía: "é que entre quen entre, ten que aprobar ese Plan Xeral"; nin o soñe; nin o soñe; o BNG non; o BNG aprobará un Plan Xeral que se adapte ás necesidades dos veciños e veciñas, non un Plan Xeral creado para seguir especulando e para crear campos de golf; non o soñe, nin vostede nin ninguén; e o estamos advertindo en tódolos actos públicos aos veciños e dende logo que reciben ben esa noticia, moi ben.

Non sei vostedes como aplican o sentido común do que falan, cando gobernan; non o entiendo. Non entendo como o sentido común de vostedes permite á Xunta de Galicia no mes de xaneiro vaciar o encoro ata o mes de marzo e que agora mesmo teñamos a cota da auga 9 metros por debaixo da liña de desborde; fai 1 ano no mes de xuño desbordaba a auga do encoro, no mes de xuño, e agora mesmo está 9 metros por debaixo desa cota; se aplicamos o sentido común podemos pensar que se o ano pasado no mes de outubro tivemos que pagar a auga a Nigrán, imaxíñese vostede o que pode pasar este ano. Sentido común, di; é o que máis fai falta neste goberno: sentido común; porque a todo isto teño que dicirle que resulta que agora mesmo, a día de hoxe, sae máis auga do encoro da que entra, é dicir: que se onte había 9 metros, hoxe hai máis de 9 metros de distancia entre a cota de auga e a liña de desborde; ¿sentido común?: menudo sentido común que cando temos unha carencia de auga neste pobo se fale nun Plan



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Xeral de crear máis vivendas baleiras (claro, non consumen auga; neso teñen razón), e dous campos de golf; que no propio proxecto dicían que a auga non chegaba, e que habería que facer pozos, habería que usar a depuradora, e habería que ir a Nigrán a buscar auga para eles; menudo sentido común.

Polo tanto non nos fale de sentido común, Sr.Vilar; de verdade que vostede está neste Pleno, e me alegro, cunha actitude moi relaxante (a veteranía ten que ser así), a veteranía é un grado, por suposto; e vamos a botalo de menos, Ilo podo asegurar.

En todo caso, Sr.Rodal, Baiona é un Concello que agora mesmo o problema da piscina telo resolto, agora mesmo telo resolto, pero non ten resolto o problema da vivenda; ese é un problema, unha asignatura pendente. Creemos que é un esforzo para a Administración, pero é un esforzo que debemos de asumir; a Administración Local debe sacrificarse pondo a disposición esas parcelas, pór a disposición da Xunta de Galiza para que dunha vez por todas si tome cartas no asunto e que non soamente se lle bote a culpa a Zapatero e á Banca; teremos que tomar nós a iniciativa, e no caso de que a postura do Sr.Fejoo sexa tan irresponsable como para non aceptala (eu creo que non), eu creo que a Administración sí debe tomar cartas no asunto, que debe tomar a iniciativa, e que senón o fai pois tería que ser o propio Concello o que tomara esa iniciativa e estudiar ben a proposta, facer un análise profundo dese tema; dende logo o que non fan as outras Administracións debéramos de facelo nós. En todo caso seguirmos afirmándonos na moción que presentamos e pedimos o voto afirmativo para ela; moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** A verdade Sr.Fernández, é que un pouco máis e chega vostede a comulgar; o outro día nos falou de Deus, e hoxe defende á Banca; di vostede que a culpa non é da Banca; a verdade é que estamos vendo aquí unhas cousas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Eu sempre leo as actas; e leída detenidamente non sei de onde sacou vostede a miña iluminación fantástica que tiven o outro día do clero, ou da Súa Santidade, ou dos temas celestiais, porque eu non o atopei; a min o que me preocupa é que faga unha manifestación dese tipo e que esté en boas mans de Deus; eu non me fío, non de vostede, senón dese personaxe; pero cando un gobernante di que hai que rezar para que as cousas marchen ben, mal vamos, sálvese quen poida; a min non me gustaría telo a vostede de Capitán de barco porque me chinpo cun flotador á auga; o teño clarísimo; antes de que se funda. As cousas como son; respeto á Igrexa, respeto ás creencias, pero mire: aquí hai que traballar, hai que gobernar, hai que aplicarse, hai que traballar; rezar non, rezar fágano fora, vostedes teñen moita manía de mezclar as cousas, temas políticos con persoais, e xa o teño recriminado moitas veces; hai que saber separalos; e o tema espiritual co político, proba delo é que non sei a día de hoxe porque se toca o himno español nunha procesión ou porque vai o Alcalde co bastón, non o entendo; de verdade que non.

**SR.ALCALDE.-** A acta a leiu, pero a memoria non a ten moi ben; hai que medir as faias da memoria porque o tema de Deus o dicía vostede, non o dixen eu; e non era para nada gobernar grazas a Deus senón que era, dicía vostede, que quería ter a seguridade absoluta sobre que os tsunamis, os terremotos, que non produxeran ningunha alteración en centrais nucleares ou en instalacións en xeral; dicía vostede que quería ter a seguridade absoluta de todas estas instalacións; non o dixen eu.

**SR.VILAR, CMÑ.-** A verdade é que me sorprende, Sr.Fernández; para mí é un político honesto, para min non ten ningunha dubida, pero me sorprende que este contra un campo de golf en Baiona, lugar de excelencia turística, dos más importantes de Galicia; creo que ó Sr.Fernández non recibiu ningún soborno da xente de Sanxenxo para que non se faga un campo de golf en Baiona; non o recibiu; o sei; sei que é vostede un político honesto que defende os intereses de Baiona; non teño a menor dubida, pero me sorprende que este contra un campo de golf en Baiona. Eu podería entender que dos 2 campos de golf que están proxectados no PXOU vostede se decidira por un, pero polo menos non o rexeite así de plano. Estou seguro de que se vostede goberna, defenderá o campo de golf; se vostede ten responsabilidades de governo,



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

defenderá ese campo de golf; igual que defendeu a Arribada da Carabela Pinta e o protagonismo histórico de Baiona en Santa Fé de Granada cando foi en representación do Alcalde, igual; estou completamente seguro; e ao mellor dirá que os dous non, pero un si; iso me parece lóxico. Cando critica o PXOU, eu lle vou dicir unha cousa: eu creo na honestidade do equipo de goberno, e por suposto do Alcalde; e tamén hai algo que é evidente: o PXOU de Baiona poderá estar ahí pendente de que os informes o avalen o 100%, pero ten unha transparencia total; estivo a exposición pública e tódolos veciños o coñecen; vostede o coñece, ó pormenor; polo tanto non hai ningún ocultismo, a min me consta que non; ¿que poderá aprobarse agora ou dentro dun mes?; pero é moito mellor aprobalo con garantías de todas estas Leis que están sacando, do litoral, protección de ríos, medioambientais, etc., para que Baiona poida dalgún xeito ter un novo Plan Xeral xa que o que temos está praticamente esgotado.

En canto ó tema de presa, lle quero aclarar unha cousa, vamos a falar con números reais; a presa está nestes momentos ó 65%; teño os informes de Espina y Delfín que llos podo facilitar; o 65% despois dunha primavera seca é unha capacidade normal, tendo en conta que a presa sufriu unha ampliación; e nesta terra, afortunadamente, pode chover, e chove de feito, en calquera época do ano; eu recordo unha ocasión na que estaba case por debaixo do 15% a finais de maio e a finais do mes de xuño estaba a rebosar; polo tanto creo que non debe vostede preocuparse. E si se vacía unha presa no mes de xaneiro é porque é a época idónea para vaciála, para limpar, e agora toda esa auga ten unha gran capacidade de oxíxeno, non é unha auga que vaia a necesitar unha gran depuración, e se pode aproveitar a auga existente ó 100%. Polo tanto, en relación á presa, hai que mandar menxases positivos, non negativos, e sei que estamos en campaña, e o outro día me preguntou unha periodista sobre este tema e cando lle aclarei esto quedou completamente convencida de que efectivamente iso era así. E a noticia tremenda, ou o mensaxe tremenda que vostede pretende dar, con criterios técnicos queda completamente desmontado. Eu entendo que non hai ningún problema de auga, e é máis, Baiona é dos poucos Concellos de Galicia que ten autonomía propia nesta materia, e se chegara a haber problema se engancharía a Nigrán, non pasaría nada; e non se preocupe, xa pagará vostede si é que entra; pero iso sería para casos excepcionais, non é necesario con esta situación.

O que ten que fazer vostede é centrarse na campaña electoral; fazer propostas sensatas; iso é o que realmente necesitamos; nunca campaña electoral todos vostedes van a ganar, ningúén perde nunha campaña porque o feito de obter votos é ganar, porque significa que hai xente que os apoie; eu lles felicito e lles desexo o mellor éxito a todos, sei que supón un traballo grande, aínda mirei onte pola noite á candidata do PSOE pegando e dicía: "iso é traballar"; estou orgulloso de que vostedes traballen, eu o fixen moitos anos. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, nós non estamos en contra dos campos de golf porque si; ten un sentido, ten unha explicación, e díxenlla antes. Me alegro que haxa despexado tódalas dúbidas que había sobre si era un ou eran dous; o Alcalde leva dicindo 4 anos que é un so, e vai vostede e dí que hai 2, acaba de meter a pata. En todo caso nun Concello de 34 km<sup>2</sup>, sen auga suficiente para todos, ¿vostede cree que isto é sostible?, ¿de verdade que o cree?; porque eu, se tiveramos un Concello enorme e houbera auga por tódolos lados, pois me parecería ben, é un atractivo turístico máis; pero non é a cuestión.

Con respecto ó tema do Plan Xeral dixo vostede "honestidade", "non ocultismo"; eu non dixen nada de iso; quero aclarar estas cousas porque non quisen dicir iso; me refiro a que está gardado por intereses políticos, nada máis.

---

**Polo Sr.Alcalde procédese á votación da Moción presentada polo equipo de goberno, resultando: 14 votos a favor (8,PP, 1,CMN, 5,PSOE); abstencións: 2, BNG.**

E por isto que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, **ACORDA:**



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**Primero.** Facultar al Alcalde para que mediante las fórmulas legales existentes continúe en la consecución de la construcción de las viviendas de protección autonómica en la parcela j de la Unidad de Actuación del PERI 3.

**Segundo.-** Instar al Ministerio de Fomento para que restituya la concesión de subvenciones para la adquisición de viviendas de protección y convoque una línea de financiación y avales para la promoción de viviendas por parte de las Cooperativas y otras entidades de finalidad y carácter social, sen ánimo de lucro.

---

Polo Sr.Alcalde procédese á votación da Moción presentada polo BNG, relativa á CONSTRUCCION DE VIVENDAS DE PROTECCION OU PROMOCION AUTONOMICA NO PERI III, resultando: 7 votos a favor (5,PSOE, 2, BNG); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ). Polo cal fica rexeitada a Moción do BNG.

---

**SR.ALCALDE.-** Comentar, porque vexo que o Sr.Fernández está moi preocupado en canto ó tema do embalse, que onte nun Informativo facían referencia a que a Axencia Americana de meteoroloxía, que fai sempre tódolos meses unha predicción, xusto dicía que a predicción para Europa, e concretamente para España, que o mes de maio sería o máis húmido e máis frío da media dos últimos anos. E o comentarista falaba das temperaturas máximas, onde estaban Córdoba, Sevilla, etc, que ían a ser máis baixas da media dos últimos anos. Falaba dos sitios onde máis chovería en maio en España, e a media máis alta o número 1 é a provincia de Pontevedra. Co cal, o comentaba antes Manolo Vilar, e o dí tamén a predicción para España por parte da Axencia Americana de meteoroloxía.

E sabemos tamén que a nosa presa, con dúas semanas de choiva, é suficiente para que rebose; e estamos falando dunha inversión de 1.400.000 euros para a mellora da presa, e recordo que o primer ano dos últimos 8 houbo un problema serio e foi cando vostede, no goberno, fixo unha obra dunha chimenea, un tema menor, menor, e nos deixou sen auga durante bastante tempo; unha chimenea exactamente foi o que se fixo naquel momento; e vós diciades que non derais o permiso para vaciála presa, dacordo, pero o caso é que se vaciou.

**5.-APROBACION DOS MODELOS DE DECLARACION SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR INGRESOS ECONOMICOS E APROBACION DO MODELO DE DECLARACION SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SECRETARIA**, quen da conta da seguinte:

**PROPIUESTA DE ALCALDÍA**

O artículo 75.7 da Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local establece o *seguinte* "Los representantes locales, así como los miembros no electos de la Junta de Gobierno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidad y sobre cualquier actividad que les proporcione o pueda proporcionar ingresos económicos.

Formularán asimismo declaración de sus bienes patrimoniales y de la participación en sociedades de todo tipo, con información de las sociedades por ellas participadas y de las liquidaciones de los impuestos sobre la Renta, Patrimonio y, en su caso, Sociedades.

Tales declaraciones, efectuadas en los modelos aprobados por los plenos respectivos, se llevarán a cabo antes de la toma de posesión, con ocasión del cese y al final del mandato, así como cuando se modifiquen las circunstancias de hecho.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

*Las declaraciones anuales de bienes y actividades serán publicadas con carácter anual, y en todo caso en el momento de la finalización del mandato, en los términos que fije el Estatuto municipal.*

*Tales declaraciones se inscribirán en los siguientes Registros de intereses, que tendrán carácter público:*

- a. *La declaración sobre causas de posible incompatibilidad y actividades que proporcionen o puedan proporcionar ingresos económicos, se inscribirá, en el Registro de Actividades constituido en cada Entidad local.*
- b. *La declaración sobre bienes y derechos patrimoniales se inscribirá en el Registro de Bienes Patrimoniales de cada Entidad local, en los términos que establezca su respectivo estatuto."*

En virtude do exposto sometese ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.- APROBACIÓN DO MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR INGRESOS ECONÓMICOS.**

**SEGUNDO.-** Aprobación do modelo de DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.

---

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Quero facer un comentario sobre chimeneas e americanos; hai que aclaralo; Sr.Alcalde, vostede falou dunha chimenea, pero era un proxecto que estaba feito anteriormente e que nos cadro a nós, como lle puido cadrar a calquera; e se fixo para mellorar a calidade da auga, porque cando fala vostede da chimenea parece que estabamos facendo fogueiras encima da lámina de auga.

E con respecto ós americanos, ¿serán os mesmos que fixeron os informes onde falaban de armas de destrucción masiva?; porque non sei se son americanos, ou quen son, pero esta semana levan dicindo que dende o luns chove aquí e áinda non caeu unha pingueira; oxalá os americanos teñan razón e veña choiva e desborde o encoro.

Con respecto á Moción presentada, estamos dacordo.

---

**Polo Sr.Alcalde procédese á votación da presente MOCION, resultando aprobada por unanimidade.**

E por isto que o Pleno da Corporación, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.- APROBA-LO MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR INGRESOS ECONÓMICOS.**

**SEGUNDO.- APROBA-LO MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.**

---

**6.-MOCIONS.**

**MOCION DE URXENCIA DO EQUIPO DE GOBERNO.-**



## EXCMO. CONCELLO

DE

## BAIONA

(PONTEVEDRA)

**EXPLICACION DA URXENCIA.- O Sr.Alcalde comenta que a Urxencia se debe a que recibíronse tarde os datos relativos á presente Moción, polo que non foi posible tratarla na Comisión Informativa.**

---

**Procede o Sr.Alcalde a someter a votación a URXENCIA da MOCIÓN, resultando aprobada por unanimidade.**

---

Cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

### **MOCIÓN DE URXENCIA DO EQUIPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BAIONA SOBRE OS CURROS GALEGOS-SERRA DA GROBA.**

#### **INTRODUCCIÓN:**

Dende tempos inmemoriais, o cabalo de pura raza galega ou cabalo galego de monte vive nas nosas serras. O primeiro dato histórico da súa presenza hai que situalo na Idade de Bronce (2.500-2.000 a.c) e manifestase nuns petroglifos de Viladesuso, estudiados polo prestixioso arqueólogo Jalhay.

Na época romana, Estrabón, Plinio, Silvio Itálico e Columela, xa mencionan a súa presenza nos montes da nosa aterra.

Durante o período da Reconquista e, a partir do reinado dos Reis Católicos, as referencias á abundancia da cría cabalar nos montes de Galicia foi constante.

Así se mantivo ao longo dos séculos e, na economía agropecuaria dos nosos antepasados, o cabalo tivo unha importancia fundamental.

O século XX marcou un punto de inflexión na situación dos nosos cabalos. A economía industrial, co abandono da agricultura e da gandería, o éxodo da poboación rural ás cidades e a mecanización dos traballos agrícolas, deixaron ao cabalo galego ao bordo da súa extinción. Se non desapareceu foi fundamentalmente por dúas razóns. A primeira, pola fortaleza e rusticidade desta raza equina que soportou condicións de vida extremas ao longo de toda a súa historia. A segunda, polo traballo intenso desinteresado dos propietarios deste gando que, por motivos de tradición e conservación, manteñen unha costume milenaria e coidan da cabana cabalar autóctona con verdadeiro entusiasmo.

O cabalo galego tan preto estivo do esquecemento que foi declarado en perigo de extinción e obxecto de protección especial, polo Real Decreto 1682/1997, polo que se actualiza o catálogo oficial de razas de gando en España.

Calquera intervención desafortunada na dinámica de vida e conservación deste animal pode lévalo de novo ao bordo do abismo da súa existencia, máxime cando non supón ningún lucro para quen o protexe senón, ben pola contra, gastos e traballos que, ata o momento, sopórtanse de forma estoica e desinteresada.

**PRIMEIRO:** A totalidade dos cabalos que habitan no monte da Groba e que se reúnen anualmente nos curros de Torroña, Mougas e San Cibrán están marcados e debidamente identificados.

A ASOCIACIÓN DE GANDEIROS DE CABALOS DO MONTE DA GROBA leva un rexistro de socios, animais e marcas que fai que sexa praticamente imposible que un cabalo dos que habitán no noso monte atópese sen identificar.

Así mesmo, a Asociación contratou un Seguro de Responsabilidade Civil que cobre as posibles indemnizacions que haxa que satisfacer derivadas de sinistros ocorridos no desenvolvemento da súa actividade. Esta cobertura vese ampliada polos seguros de Responsabilidade Civil individuais que todos os gandeiros da nosa asociación teñen contratados.

Os obxectivos de control sanitario, de consumo, condicións de vida dos animais e de responsabilidade, que se fixan no Decreto 268/08, de 13 de novembro, da Consellería do Medio



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Rural, pódense alcanzar a través dos nosos sistemas de rexistro e identificación, sen necesidade de implantar un transpondedor (microchip).

A opción do transpondeador implicaría unha enorme dificultade e, ademais unha perturbación na celebración dos curros se é que se pretende, como non pode ser doutra forma, que a implantación do microchip e o control individual de cada cabalo se leve a cabo nestas concentracións.

O desenvolvemento dos curros constitúe unha manifestación etnográfica, social, cultural e histórica única na nosa sociedade.

Esta actividade ten unhas fases e secuencias, sobradamente coñecidas por esa Consellería, que non poden ser interferidas por unha lectura individual dos transpondeadores. Sería praticamente imposible lévalo a cabo por razóns temporais e organizativas.

SEGUNDO: O Regulamento da C.E. número 504/2008 da Comisión, de 6 de xuño, polo que se aplican as Directivas 90/426/CEE e 90/427/CEE, no que se refire aos métodos de identificación dos équidos, establece dous sistemas de identificación directos.

O primeiro dos sistemas é o Documento ou Pasaporte que identifica a cada animal e que se emite para toda a súa vida (artigo 5). Este documento é obrigatorio. Non entanto, no artigo 7, contémplase a excepción á norma citada (art. 5) cando se trate da identificación de determinados équinos que viven en condicións salvaxes ou semisalvaxes, cito textualmente: "..., a autoridade competente poderá decidir que os équidos que constitúan poboacións definidas que viven en condicións salvaxes ou semisalvaxes en determinadas áreas, incluídas reservas naturais, segundo defineas dita autoridade, deberán identificarse de conformidade co artigo 5 só se se sacan fóra dasas áreas ou se domestican".

Estase, pois, contemplando unha excepción que é plenamente aplicable á poboación de cabalos salvaxes que habitan os nosos montes.

Doutra banda, o artigo 11 desta disposición regula o método de identificación por transpondeador ou microchip e, no artigo 12, tamén se establece unha excepción a esta norma cando se di:

"Non obstante o disposto no artigo 11, apartado 1, os estados membros poderán autorizar a identificación de équidos mediante métodos alternativos adecuados, incluídas as marcas, que acheguen garantías científicas equivalente de que, sós ou combinadas, aseguran a verificación do animal equino evitan de maneira eficaz a dobre emisión de documentos de identificación ("métodos alternativo")".

Esta posibilidade axústase de forma perfecta ás circunstancias da nosa poboación equina que, ademais, está xa identificada en todos e cada un dos seus individuos, aos que se marca nos curros ao pouco tempo dos seu nacemento.

A norma europea é moito menos restrictiva neste aspecto que o Decreto 268/2008 de 13 de Novembro (DOG 12/12/2008) da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que, no seu artigo 9º establece a non exisibilidade do Libro de Identificación para os cabalos salvaxes e a obrigatoriedade de implantación do transpondedor.

Consideramos que esta norma se ditou dunha forma precipitada e pouco meditada xa que o seu nivel de esixencia excede as disposicións que regulan e orientan as medidas impostas pola comunidade europea. Este exceso tamén se observa sobre as leis ditadas no mesmo sentido polo estado español, moito mais permisivas.

En efecto, o Real Decreto 1515/2009 de 2 de Outubro do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural Mariño ((B.O.E. de 23/10/2009) nos seus artigos 11 e 14 establece excepción saos dous métodos de identificación (Libro e Transpondedor) de conformidade e co disposto nos artigos 7 e 12 do Regulamento (CE) 504/2008 da Comisión, de 6 de xuño de 2008, que xa antes comentamos.

Por todo iso, O Pleno do Concello de Baiona quere:

**1º- Mostrar o seu total apoio aos curros**

**2º- SOLICITAR a Xunta de Galicia:**



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

1. Que se provea o necesario para aplicar as excepcións legais dos métodos de identificación (LIBRO E TRANSPONDEDOR) previstos no Decreto 26/2008, de 13 de novembro ou no seu defecto para eximir aos gandeiros o pago total ou parcial do transpondeador).

2.- Subvencións para cerrar pasos e baixadas de cabalos en lugares conflictivos que preveñan o acceso dos animais.

---

**SR.RODAL, PP.-** Creo que todos estaremos de acuerdo en que los curros son un valor cultural, patrimonial, y también diría turístico, por la parte que me corresponde, puesto que hay curros a los que asisten hasta 10.000 personas de distintas zonas gallegas, e incluso del extranjero. La Asociación de ganaderos de caballos del monte de la Groba está compuesta por 160 ganaderos y un total de 1.500 caballos, y todos los caballos están perfectamente marcados, entonces realmente no entendemos porque tendrían que tener este microchip, aunque por lo visto es la normativa europea quien así lo exige. Desde el PP apoyamos los curros, obviamente apoyamos a todos estos ganaderos que hacen una gran labor; el microchip tiene un coste alrededor de los 40 euros, eso aparte de toda la manutención durante la vida de un caballo, entre 15 y 20 años. Desde aquí todo nuestro apoyo a esta Asociación, dejando claro que no estamos de acuerdo con la implantación del microchip.

**SR.LORES, PSOE.-** Efectivamente os Curros son un valor importante para a nosa comarca, de feito cando tódolos grupos firmaramos unha moción en contra dos aeroxeneradores unha das causas que puñamos en valor era xustamente a cría, este tipo de gandería, de cabalo galego, que además é un ben non só turístico senón tamén económico e natural, e que fai posible que os montes estén todo o ano vixiados polos gandeiros; e moitas veces se fai algún tipo de limpeza, o que evita, e prevé incluso, un maior número de incendios porque durante todo o ano sempre hai alguén no monte dando de comer ós cabalos ou limpando os espazos.

Nós entendemos que hai que apoiar ós curros, e que quizá é unha débeda pendente que nos queda posto que teñen repercusión a nivel de Galicia, e de España, e polo tanto é un valor que debemos potenciar con más intensidade. E tamén apoiamos a estes gandeiros que con moito esforzo, e as veces con pouco rendemento, están a facer posible que este tipo de gandería sobreviva ó longo dos anos.

Tamén queremos manifestar que iso non debe impedir un control sobre os cabalos, como tamén o dí a Moción, e protexer ó resto dos cultivos, e dos veciños, que as veces por invasión ou por falta de medios adecuados invaden outras propiedades ou outros cultivos, e ahí sí que pode haber algún tipo de conflicto. Estamos por apoiar os curros, por apoiar os cabalos, e que a lexislación se adapte á realidade e non que a realidade se adapte á lexislación; polo tanto, se o microchip vai a impedir que os curros se poidan desenrolar con normalidade e se vai a impedir que este tipo de gandería persista, a lexislación debe adaptarse á realidade; pero non debemos tampouco relaxarnos nos controis de tódolos animais como marcan as directrices. Vamos a votar a favor.

**SR.VALVERDE, BNG.-** En primer lugar felicitar ó PP e CMN por presentarnos unha moción en galego; coido que é das poucas, ou das primeiras, que presentan así nestes 4 anos; e tamén polo traballo do Sr.Rodal por leéla (aínda que ó final desistiu de leer a parte máis importante que é a última páxina), felicitálo polo esforzo feito, esa é a única maneira de poder desenvolverse ben no noso idioma.

Por outra banda quero manifestar que non me parece oportuno sinalar nos motivos o escrito cunha Asociación de Gandeiros manda ós distintos partidos políticos; de feito nin se preocuparon de correxir a Moción xa que na segunda páxina pón "... que todos os gandeiros da nosa asociación teñen contratados"; é decir: hai que traballar un pouquín as mocións, hai que saber o que se presenta, saber do que vamos tratar e preocuparse antes por elo; de nada sirve agora



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

vir con esta moción, unha moción oportunista, vou decílo así de claro: unha moción oportunista que se trae polos problemas que os gandeiros deste Concello están tendo. O Sr.Rodríguez é bó coñecedor desta problemática, bó sufridor dela, e non desde ano senón destes anos atrás; sabemos xa que no 2008 (que non o leeu o Sr.Rodal, pero sí o quero decir). gobernando o bipatito, se publicou no DOGA unha Resolución que obrigaba a todos estes gandeiros a pór o microchip. Daquela houbo unha revolta importante dos gandeiros, todos se manifestaron totalmente en contra, e iso que o microchip se implantaba de maneira totalmente gratuita, tamén hai que decílo, porque había orzamento para que ese microchip non saíra con coste para os propietarios dos cabalos.

Agora, nestes últimos meses, miramos como a actual Xunta quería obrigar, aproveitando a chegada da celebración dos curros, á implantación do microchip; os propietarios dos cabalos, as asociacións, se movilizaron, fixeron un plante á Xunta, e hai que decir que estiveron atinados porque a única maneira de solucionar inxusticias (desgraciadamente) é plantarse ante as distintas Administracións; estamos acostumados a que se hai movimentos veciñais, se hai presión, aquí se paraliza todo; así o señor Conselleiro pois paralizou, dixo: "tranquilos, facede os curros sen problema, despois dos curros falaremos a ver que facemos"; ou sexa, o que fixeron foi aplazar o problema; ¿porqué?, porque estamos en período electoral, entón non querían ter un conflicto máis, e saben que é un conflicto importante.

Os propietarios dos cabalos, e as distintas Asociacións, xa teñen dito por activa e por pasiva, e xa no 2008 decían o mesmo, que os cabalos están totalmente identificados; e é certo, ¿para qué se fan os curros senón?, para marcar ás novas bestas, ás que nacen, para desparasitálas, e para vender e facer o pequeno negocio, que nin é negocio realmente; a maioría as teñen ahí por nostalxia, porque é tradición, porque os antepasados os tiñan, por mantér unha tradición viva, que é digno de loar, e que lonxe de seguir pondo impedimentos habería que fomentar porque sí é certo que é un atractivo turístico, Sr.Rodal; é un atractivo turístico que non estamos explotando, precisamente; é ún dos atractivos que ten Baiona e que ten tódala Comarca que non se está explotando debidamente. Haberá que pórse a traballar na vindeira lexislatura, ós que lles corresponda estar nesta mesa, sobre todo no goberno; teremos que invitálos a que traballen por elo; hai que pensar que durante máis dun mes tódolos fins de semana hai este tipo de actividades, e é unha maneira de que os nosos hoteis, os nosos restaurantes, a economía da Vila, estén funcionando en todo este período; e antes da temporada estival é o momento onde sí temos que enfocar os nosos esforzos; 10.000 persoas veñen ós curros, 10.000 persoas teñen que pasar por Baiona; hai que aproveitar ese fluxo de xente para que pernochten, para que consuman, para que os nosos negocios sigan prosperando; e para iso ¿qué haberá que facer?: apoiar ás xentes que levan estes curros adiante, apoíalos, promocionálos, e non convertílos en Sabucedo, por certo; deixálos como están, que están bastante ben, pero promocionálos e facer que sexan un activo máis económico para Baiona e para a Comarca.

Con respecto ó que solicitan vostedes estamos dacordo, agás no primeiro punto onde poñen: "Eximir aos gandeiros do pago total ou parcial do transpondeador"; eu poría "eximílos do pago total", sen lugar a dúbidas; non podemos facer ningún tipo de carga sobre os gandeiros agora mesmo se finalmente se opta pola implantación do microchip. O que temos que solicitar tódolos grupos é que si ese microchip tivera que implantarse que sexa totalmente gratuito e que non interfira na vida dos curros, iso está claro. Non pode ser que cando se metan os cabalos no curro, cando se estén sacando e marcando, que teña que estar alí un veterinario pinchando a todos; non; haberá que buscar outro momento, outras fórmulas, para facer isto; e nin trasladar ós cabalos a xunto dos veterinarios da Xunta, como tamén se propuña, é decir: terán que vir os veterinarios aquí os días que correspondan; haberá que facer uso do calendario; e se finalmente se opta por esta opción, coa cal teño que decir que estamos totalmente en contra, porque sí os cabalos están marcados, toda a vida estiveron marcados, e son os propios gandeiros os que se ven un cabalo sen marcar os que logo toman as suas medidas, e máis, polo que teñen contado e polo que teño visto cando un cabalo está sen marcar e non é de ninguén se lle mete o sello da sociedade, e pasa a ser propiedade desa sociedade.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Coido que é un problema resolto, un problema para o que hai que buscar fórmulas e potenciar, lóxicamente.

Con respecto "ás subvencións para cerrar os pasos e baixadas en lugares conflictivos", é algo que se leva demandando toda a vida; o que non podemos consentir é o que se está facendo agora mesmo, que os propietarios dos cabalos e a xente que ten animais no monte o que están facendo é poñendo metálicos e trabas nos accesos ós montes; iso non é solución; estamos dacordo en que iso hai que erradicálo; non podemos para poder acceder a calquer monte baixar do coche e abrir ou ter que sacar os alambres para sacar un metálico para poder pasar; iso non é nin imáxen nin é unha solución. Existen solucións a día de hoxe moi más efectivas e estéticas, que as podemos ver en Tomiño, no monte da Magdalena, ou na Pedrada, que veñen sendo uns socavóns cuns tubos redondos e por ahí os animais xa non pasan, ningún tipo de animal pasa; chegando ahí se asustan e xa non pasan; iso sí é algo que haberá que fomentar e buscar solucións para elo; no que nos temos que involucrar o Concello, Comunidades de Montes, propietarios dos cabalos, e Xunta; somos todos.

O dito: para traer unha Moción a un Pleno hai que traballala, insisto; non é copiar un texto que nos manda unha Asociación e metelo no corpo da Moción, non me parece de recibo.

En canto ó fin da moción si estamos totalmente dacordo pero faríamos esa salvidade: que sexan totalmente gratuitos no caso de que ó final se optase pola implantación do microchip. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMN.**- Creo que o equipo de goberno utiliza o galego con bastante asiduidade; é máis: o grupo de CMN foi o único grupo político, ou dos poucos independentes que se presentaran en Galicia, que utilizou o galego dende o primeiro momento; vostedes poden comprobalo; e incluso recibín felicitacións por parte da Academia Galega da Lingua. O galego é patrimonio de todos e o Partido Popular é un defensor acérrimo da defensa do mesmo, de iso non me cabe a menor dúbida; porque o Bloque non é o abandeador do uso de galego.

En canto ó contido da moción hai que felicitar a Angel; é unha moción moi completa; se adapta á nosa realidade; e é certo que queda unha labor moi importante de cara ó futuro para ver como se actúa no monte, claro que sí; no monte hai que extremar as vixilancias e evitar que se fagan barbaridades; é certo que hai moita vaca incontrolada, que se utiliza o monte como un lugar para telas alí, cando non é habitualmente un lugar para elo, teñen que estar con moitos cercados que son realmente tercermundistas, con moitos camiños e pistas forestais abertos sen ningún sentido, con recheos, etc., todo iso é unha labor difícil onde a Corporación de Baiona ten que meter man no futuro; é unha parte do noso territorio ocupada por zona forestal. E un tema de futuro que esperamos que se faga. Nós estamos a favor integralmente do texto da moción. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP.**- Felicito al Sr.Valverde Sabín porque ha hecho una espléndida exposición; le he entendido todo porque entiendo el gallego perfectamente; me parece estupendo; pero hay una cosa con la que no estoy de acuerdo; nosotros, como siempre, y reitero al Sr.Estévez, que es una pena que no siga en la política porque es un gran político, él dice que tenemos que jugar y no hablar del Madrid (que por desgracia quedó eliminado), pero sí hablar del Erizana.

Pero aquí estamos hablando de la Asociación de Ganaderos de caballos del Monte Groba, que es nuestra zona; obviamente nosotros tenemos que defender, y apoyar sobre todo, a esta gente; es lo que tenemos que hacer porque estos caballos, que yo sepa, están en los montes de La Guardia, de Oia, de Baiona, de Tomiño, y de Gondomar, no de Nigrán; creo que es una postura muy correcta.

Con todo lo que dijo usted después, estoy totalmente de acuerdo, casi en todo; pero es que hizo una exposición en la que reiteró todo lo que ya dijimos aquí; volvió a decir todo lo que aquí se comentó; le dio la vuelta, acaba usted de vender una moción (en eso son expertos ustedes) que presentamos nosotros; la afirma totalmente, casi totalmente, menos en un 99%; por lo cual estoy totalmente de acuerdo en su exposición; además es una persona que entiende muchísimo más de caballos que yo, que por desgracia no entiendo, pero como concejal de Turismo creo que sí es un gran aliciente para todos estos municipios, aunque en Baiona no tengamos un Curro



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

propriamente dicho, y que sí debíamos de apostar por estas actividades culturales que tienen muchísimo arraigo, como por otras muchas que hay; y ya no voy a hablar del campo de golf porque no quiero mezclar un tema con otro, el golf con los caballos. Muchas gracias.

**SR.ALCALDE.-** Falaba antes o Sr.Rodal do Sr.Estévez, do Sr.Lores; eu creo que de todos; no grupo socialista hai grandes persoas e grandes políticos, dende logo que é unha perda importante pero seguramente será unha perda parcial.

**SR.VALVERDE, BNG.-** Penso que tódolos que estamos aquí, cando un día demos o paso foi por facer algo polo noso pobo, e coido que se ten demostrado que nestes 4 anos fumos quen de levar unha oposición cordial, aínda que pudo haber algún momento de tensión, o que entra dentro das lides lóxicas e típicas; tamén coido que a xente que o deixe porque non saia elixida, ou renovada, ou porque abandona e non se presenta ás novas listas, coido que é unha pena porque si é un activo que perde este Concello, lóxicamente; miñas felicitacións para todos eles, que lles vaía ben en todo o seu novo proceso; algún día seguramente volverán, ou volveremos, porque eu non sei que pasará; pero aos que veñan a partir do día 11 lles desexo as miñas más grandes felicitacións.

Por certo, Sr.Rodal, entendedor de cabalos non son; de feito pódolle asegurar que na miña vida montei nun cabalo, aínda hoxe en día non montei a cabalo; en fariñoque sí, é certo; meu abuelo tiña fariñoque daquela e me tocou ter que lidiar moitas veces con eles.

Non é que sexa entendedor, o que si son é unha persoa preocupada pola Groba dende sempre; recordarán vostedes que cando o bipartito quería plantarnos un parque eólico, eu, xunto con outra xente deste Concello, encabezamos e puxemos en marcha un colectivo en defensa da Groba e en contra dese parque eólico; e non me temblou nin a voz nin o meu pensamento, nin as miñas crenzas, ir en contra dunha resolución que o meu propio Partido estaba presentando na Xunta de Galicia porque creía que era totalmente inxusta para os intereses da Groba e deste Concello. Ahí é onde coido que nos temos todos que mollar cando chega o momento; é dicir, se agora o PP quer impoñer algo a unhas persoas de Baiona que vai en contra dos intereses desas persoas e deste Concello todos temos que poñernos ó fronte e defender os intereses dos veciños. Por iso é de felicitar esta moción, que tamén se aprobou no Concello de Gondomar; que no era a mesma, era outra moción pero no mesmo sentido, e se aprobou por unanimidade; aquí supoño que será igual.

Eu non son ningún artista, o que fago é simplemente razoar o que ven aquí escrito, que por certo xa o coñecía, xa pasou polas miñas mans fai uns días. Refendo tódolo que aquí se di, sobre todo a última páxina, que me parece a máis interesante de todas, e que vostede non leeu. Manifestar o noso apoio á moción no 99%, simplemente porque nós quitaríamos o do pago parcial. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** Por rematar, e porque me sinto aludido, non polos cabalos senón pola defensa dos curros, dicir que a verdade quen non coñeza os curros non coñece Galicia; e por iso me sorprende, Roberto, e antes de darnos as felicitacións finais te vou a tirar das orellas, porque estás agora defendendo esta moción que hai que defendela polo que díctias ti antes tamén, pero é que curiosamente esta normativa aprobou Suárez Canal, que era Conselleiro de Medio Rural, pertencia ó BNG, que dicían que era o mellor Conselleiro da rama do BNG, unha persoa bastante razonable; esta normativa ven da época del, e ahí empezaron os problemas. E para nós, non ven de agora, porque temos a Pepe, que é un gran coñecedor, pero estivemos sempre en contacto coa Asociación de gandeiros, estivemos en Santiago, estivemos aquí reunidos; estivemos dende fai ano e medio con este problema; e chegás á conclusión de que o problema fundamental é que se fixo unha norma, se truxo unha norma europea que permite excepcións e que non coñecen o cabalo galego, e sobre todo non coñecen o cabalo galego da Serra da Groba, que non ten os problemas que teñen outras zonas como pode ser á da Cañiza, que é certo que alí hai moitos accidentes, que entran en terreos labradíos, etc., aquí non existe ese problema, están moi controlados; pode haber un accidente de vez en cando pero non é o habitual. Entón, traer o que poída pasar na Cañiza para aquí, creo que é onde está o erro; e por suposto a moción leva ese



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

escrito porque o falamos con eles e entendemos, vendo a de Gondomar, que esta é unha moción con moita más información, cunha base moito más importante, e por iso a utilizamos, co consentimento deles; e o que pedimos é o que piden eles. Se tedes escritos da Asociación de gandeiros veredes que eles falan das dúas cousas: de tratar de evitar o microchip e senón, reducción parcial o total, porque total nunca foi; o primeiro ano que saíu a subvención era do 90%, e despois ía baixando; pero o gran problema que manifestan eles é que ó final esta non é unha actividade económica; a eles lles costa isto; é un tema que lles gusta por tradición, por ocio, porque é algo entretenido; e ós demais, da nosa zona e creo que de toda Galicia, nos interesa polo atractivo que ten; seguramente é unha das tradicións más antigas que ten Galicia e dende logo vamos a mantela; entre todos temos que mantela; e por iso a moción ven nese sentido. E dicir "parcial ó total" é porque o poñen eles así, porque entenden que é difícil que poida ser total se é obligatorio ó final o microchip.

Eu, despois de estar con eles moito tempo, creo que temos o marcase máis patrimonial de todos, que é o que marcan eles nas libretas, é un tema que coñecen perfectamente; unha persoa que non sepa o que é o cabalo non o recoñece, pero eles enseguida te indican "mira, a pinta do ollo,...este cabalo está perfectamente recoñecido"; é unha das cousas más interesantes que temos a nivel de Cultura galega e creo que o Conselleiro o entendeu perfectamente e que se vai a corrixir, seguro, e que buscaremos un punto de equilibrio. En canto ó tema dos cerres, evidentemente, como dícia Roberto, terán que ser cerres con tódalas garantías para todo o mundo, e o paso canadiense se está xa utilizando en moitas zonas, será todo aquello que evidentemente supoña un equilibrio entre as Comunidades de Montes, o uso veciñal para calquera outro uso, e o uso para o cabalo; creo que se pode conseguir e debemos buscar as fórmulas para poder facelo; por iso agradezo o apoio; o que buscamos é iso, ter un sentimento de pertenza a esta cultura que nin sequera sabemos cantes séculos abarca; ó que non coñeza un curro invítolle dende aquí a que veña este fin de semana, que é o primeiro, e senón ó que queda moi próximo tanto fisicamente como en tempo despois da Valga, que é o de Torroña; Pepe nos poderá aclarar algunha cousa máis.

**SR.RODRIGUEZ TRIGO, PP.-** No monte noso non temos problema ningún, ata fomos a axudar ó Monte da Valga que non tiña suficiente economía e entre eles tiñan problemas, e nós dende aquí fomos a entregarlle os cartos para axudarlos a pagar un coche que se rompeu na carreteira de Goián; entre nós non temos problema ningún. En canto ós pasos canadienses, non valen; o primeiro día os cabalos andan arredor e marchan pero o segundo día xa pasan por eles.

**SR.VALVERDE, BNG.-** Non me sinto aludido, Sr.Alcalde, polo que dixo, nin moito menos, porque ata fun eu quen dixo que na terceira páxina estaba o de que viña no DOGA no 2008 e que foi o bipartito quen sacou este Regulamento; son plenamente consciente porque é máis, cando saíu este Regulamento eu me preocupei, e coido que é unha labor da oposición da que máis orgulloso estou, e que non so é vir aquí a un Pleno a debater e acabar, senón que é preocuparse por nosos veciños; e me preocupei por traer á Delegada Territorial de Medio Rural, á Groba, e alí estivemos cos gandeiros, explicándolle cal era a problemática da Groba; estivemos toda a xornada, dende as 9 da maña ata as 7 da tarde, mirando os cabalos, explicándolle cómo eran as marcas, dicíndolle que existían métodos alternativos ós que eles propuñan, e coido que marcharon coa mensaxe captada; tamén foi certo que ó cabo de 2 meses pois o bipartito desapareceu, viu o novo Goberno, e ahí quedou a cousa estancada ata este ano, é dicir: quedou totalmente paralizado ata este ano que se volveu a reavivar; hai que volver a facer o traballo de novo, hai que volver a informar ós políticos que están na Xunta cáll é a realidade da Groba e que se tomen as medidas oportunas.

Eu teño a conciencia moi tranquila de que pola nosa parte o traballo sí estivo ben feito no seu momento, que era defender os intereses de Baiona ante a imposición da Xunta en canto a este tema, co cal non estabamos para nada dacordo; nese tema e noutros más que houbo durante eses anos.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**Polo Sr.Alcalde procédese á votación da Moción presentada, resultando aprobada por unanimidade.**

**E por isto que o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:**

**1º- Mostrar o seu total apoio aos curros**

**2º- SOLICITAR a Xunta de Galicia:**

**1. Que se provea o necesario para aplicar as excepcións legais dos métodos de identificación (LIBRO E TRANSPONDEDOR) previstos no Decreto 26/2008, de 13 de novembro ou no seu defecto para eximir aos gandeiros o pago total ou parcial do transpondeador).**

**2.- Subvencións para cerrar pasos e baixadas de cabalos en lugares conflictivos que preveñan o acceso dos animais.**

**7.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**- ROGO DO PSOE.**

**SR.LORES.-** En primeiro lugar quixeramos despedirnos da Corporación; o grupo socialista quer facer un agradecemento, en primeiro lugar, ó Partido, ós compaÑeiros da agrupación de Baiona, que foron os que nos puxeron nas listas; a Carlos de la Peña, que foi quien naquel momento configurou esta candidatura, e fundamentalmente ós veciños e veciñas de Baiona, que foron quien nos deron esta representación.

Tamén agradecer, a nivel de grupo e a nivel individual pola miña parte, ós meus compaÑeiros do grupo municipal, especialmente a Laura, Rafa, e a Mila, que nos momentos más complicados estiveron ahí apoianto. Dicir que me sinto moi orgulloso de haber participado nesta Corporación; que estou orgulloso, como non podía ser doutro xeito, co Alcalde que nos tocou vivir, tanto cando foi Carlos de la Peña como agora o Sr.Almuiña; que estou orgulloso de compartir con tódolos membros da Corporación. E creo, falando xa do último mandato, que en Baiona se fixeron cousas; que a Baiona de agora non é a Baiona que atopamos nin fai 8 anos nin fai 4 anos; é unha realidade obxectiva que se fixeron cousas; e agora cada un dos grupos nesta campaña electoral dirán quen foi quien o fixo e quen deixou de facelo, pero iso é outro tema; e tamén en qué dirección foi; pero o dato obxectivo é que Baiona non é a mesma.

Sobre todo quero facer fincapé nun tema que para mí é importante, é importante porque os que pensamos que o sistema democrático que temos en España nestes momentos é algo máis cun mal menor, creemos na democracia, loitamos por ela, e tamén creemos na clase política; porque nestes anos, concretamente nestes últimos 4 anos, fomos quen, os 17 corporativos, de dignificar o traballo noso; hoxe os veciños e veciñas de Baiona non miran ós concelleiros con esa desconfianza de corrupción, de chupóns, etc.; aquí houbo, e neste senso hai que recoñecer a labor do Alcalde, un sentido de acordo, de consenso, e sempre que foi posible chegar a ese acordo traballamos por el; cando no foi posible non pudo acadarse, pero tamén se pactou o non acordo, que é como debe ser.

E importante que se siga traballando neste prestixio, na dignidade da clase política a nivel local, porque a Administración Local é a más próxima ós veciños e é quen de mandar as mensaxes más oportunas. Deberíamos eliminar do noso vocabulario aquello de "corrupto, ladrón, etc.", principalmente porque non é certo; se algo temos en común todos é que estamos aquí por absoluta honestidade; que estamos aquí todos por vocación de servizo público; podemos estar errados ou non errados, pero eu digo, e dixenlo sempre, que meu Alcalde non é corrupto, nin o foi nin o vai a ser; polo tanto eu creo que ese tipo de linguaxes debemos erradicálos da clase



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

política porque senón somos capaces de falar ben de nós ¿cómo vamos a ser quen de transmitir a mensaxe de que somos honrados se dicimos entre nós que somos delincuentes, chupóns, e demais?; primeiro, que non é certo, non é certo porque eu na miña experiencia destes 8 anos non viñ nada, nada, e o garantizo (e poño a man na lume por meus compañeiros de Corporación) de que houbera nin un acto de corrupción; ¿que estivera ou non dacordo co que fixeran?: iso é outra cousa, iso é debate pasional; pero eu repito que estou orgulloso do meu Alcalde, o estarei do próximo Alcalde, ou Alcaldesa, que este neste Concello, e pónome á súa absoluta disposición.

Por último, pedir desculpas por se algúna vez, por pasión, faltei a alguén dos 17 compañeiros de Corporación, ou a alguén de fora. Moitas grazas; para min foi un orgullo compartir estes 8 anos.

---

**BNG.- SR.FERNANDEZ.-** En primeiro lugar pedir desculpas a quen se haxa sentido ofendido polas miñas palabras en algún momento do debate; nada máis lonxe da realidade. Sigo insistindo en que o político que non sepa diferenciar entre o plano persoal e o político debe marcharse para casa, así de rotundo.

Dicir tamén que ó longo da miña vida política (e levo dende os 14 anos con conciencia política, peleando en situacíons moi complicadas), ó final, os que tiven enfrente, discutindo e peleando, ó final acabaron sendo sempre os meus amigos, sempre; foi así na política, na autoestrada, en infinidade de temas, e incluso no traballo; polo tanto, dicirvos que vou a botar á xente de menos aquí, xa llo teño dito; que vou a botarillo de menos e espero que lle vaia ben na súa vida política e persoal. Desexarvos todo o ben posible, e dicir que seguiremos traballando por Baiona, por Galiza, e por todos. Nada máis; moitas grazas.

---

**SR.VILAR, CMÑ.-** Son 25 anos aquí, me marcho, e sei que vai a quedar unha Corporación democrática co mesmo espírito que se ha seguido ata agora. Lle pido ó Alcalde, que sei que sempre foi unha persoa con moiísima capacidade, que manteña sempre o Pleno Ordinario unha vez ó mes, iso é fundamental para que o diálogo coa oposición se manteña e que dentro das discrepancias salga o mellor para Baiona. Eu agradezo a todos, e por suposto ó Partido Popular, eu entrei aquí como concelleiro candidato de Alianza Popular daquela, cando se fundou o Partido Popular estiven moitos anos no partido, coas discrepancias propias da política, eu non quisen abandonar a política local; ingresei aquí, estiven gobernando co Bloque, co PSOE, que o fixeron estupendamente ben e sempre defenderon os intereses de Baiona; ó final buscamos a maioría natural, que é a lóxica; pero sempre respectando á oposición, porque eu penso que tan concelleiros son os que están na oposición como os que están no goberno. Hoxe en día Baiona ten un Concello exemplar; temos un servizo tanto de Secretaría como de Intervención óptimo, e ahí o tedes, como afrontar o tema da Mancomunidade do Val Miñor, o que significa que temos aquí dous altas funcionarias, neste caso, afortunadamente, que teñen unha gran capacidade; e creo que Baiona está nunha predisposición excelente para pegar o despegue.

Se vos notades un cambio nestes últimos anos que estivedes aquí, ¿qué será eu nestes 25 anos?; eu, cando cheguei aquí por primeira vez se fundía o chan, é dicir, este edificio estaba praticamente que se caía e houbo que reformalo. Aprobamos un Plan Xeral no ano 94 que aínda está vixente que transformou Baiona; creo que hai que crecer co planeamento urbanístico; por iso creo que o Plan Xeral debe ser un obxectivo irrenunciable da futura Corporación, porque creo que un pobo que crece cun planeamento é un pobo que sabe onde vai; senón xurde a anarquía.

Podería estar falando moito tempo; simplemente agradeceros a todos; me tereis no Instituto 1º de Marzo, eu espero que por moitos anos porque non teño pensado xubilarme, senón ¿qué vou facer?; teño que adicarme ó ensino, e parece ser que ata os 70 poderei estar; se teño capacidade e condicións seguirei; a min a enseñanza me gusta. Estarei ahí á vosa disposición



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

como eu sei que vos estades tamén á miña disposición. Moitas grazas e que sexa unha boa lexislatura.

**SR.RODAL, PP.-** Poco me queda por decir después de ver a Manolo tan emocionado; no tuve la oportunidad de estar en la charla que diste como primera despedida hoy en el Parador pero sé que fue muy emotiva, que mucha gente lloró, además de tí; esto es un poco lo que decía Rafa Lores, que al final la gente realmente es humana; y como también decía el Sr.Fernández; incluso hoy tuvimos el debate por el tema de las viviendas, pero todos los concejales somos muy dignos, muy personas.

Yo solamente llevo 8 años en la política (que también pueden ser bastantes), año y medio en la oposición y seis y medio en el equipo de gobierno, pero creo que hemos aprendido bastantes cosas; yo personalmente he aprendido a querer más a mi pueblo; ahora aprecio muchísimas más cosas.

A veces he cometido el error de decir que el Pleno en ocasiones es un teatro (porque a veces sí tira hacia ahí) por todos nuestros debates, pero lo cierto es que cuando estamos en la calle ó viajando a los pueblos hermanos todos hemos tenido una buena relación; porque al final todos somos personas, tanto hombres como mujeres. Recuerdo una vez que hablando con Mausa, comentando un día las traducciones del Pleno, le pregunté si le llevaban mucho tiempo, y ella me dijo que desde hacía unos años las traducciones eran muy leves, que los debates eran muy suaves; me imagino que hace años (de eso sabrán más Manolo Vilar y Xose Enrique) los debates debían de ser durísimos de vocabulario; de hecho a mí, cuando entre en la Corporación, los debates me parecían muy duros; se soltaban cosas que yo, con la educación que me dieron, no entendía; pero sí es cierto que ella me decía que los debates eran mucho más suaves.

Felicitar a todos los concejales que aquí estuvieron, y a los de la legislatura anterior; en cuanto a Manolo Vilar decir que los 2 años y medio que compartimos el equipo de gobierno con él pues quizás no tenía gran trato personal y ahora sí tengo un trato muy grande como amigo; tengo un gran recuerdo de él; decirle que nos veremos todos los días en la playa como lo llevamos haciendo hasta agora.

Ahora tengo que hacer un RUEGO, que va para el Sr.Fernández, y no es con ánimo de nada, no quiero que os enfadéis: yo fui concejal de Medio Ambiente y ahora mismo soy concejal de Turismo, y hoy empieza la campaña electoral; me gustaría que pudieseis respetar (los socialistas sí lo hicieron) y no clavar carteles en los árboles; el medio ambiente no tiene porque sufrir nuestras campañas electorales; me gustaría que no pegaseis carteles en los contenedores, como hicisteis otras veces, porque no quiero que lo tomes a mal pero cuando se pega en los contenedores no se hace con celo, se hace con cola, y la cola en los contenedores no sale; aparte que creo que debemos de dar ejemplo a la gente del pueblo, e incluso hay una sanción municipal por pegar en ellos. Tampoco en los lavaderos, porque hace poco hicimos un inventario de fuentes y lavaderos y se trasladó a todas las parroquias para intentar mantenerlos y recuperarlos. Por ello, no solo vosotros, sino todos los partidos políticos que entramos en esta campaña, si pegamos en los lavaderos estaremos dando un mal ejemplo y una mala imagen a nuestros vecinos; y me dirijo a vosotros simplemente porque en otras campañas sí lo hicisteis.

Os lo pido como un favor, como un ruego; creo que esta campaña nada de eso hace falta, debe ser una campaña mucho más tranquila; cada uno, obviamente, defenderá sus intereses, pero no deben de sufrir ni los árboles ni el puente románico de Sabarís (en este caso sé que no fuisteis vosotros), ni los lavaderos, ni mucho menos los contenedores, porque repito que cuesta muchísimo sacar el pegamento de ellos. Muchas gracias.

**SR.ALCALDE.-** Tendremos tiempo para hablar todavía, lo haremos el día 8 a las 2 de la tarde y después nos juntaremos para charlar; pero quisiera hacer brevemente una intervención; lo primero es agradecer a mi grupo que me apoyara, no solo ahora, sino anteriormente, y especialmente a dos personas que en principio no van a estar en la próxima legislatura como son Ani y Angeles; la verdad es que han hecho un excelente trabajo; son dos personas jóvenes, implicadas, que estoy convencido que volverán a estar aquí como concelleiras durante mucho tiempo. Creo que una de las cosas fundamentales que conseguimos entre todos es que haya una



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

renovación muy importante, con gente joven y con formación, y sobre todo por la implicación que supone ser concejal de tu pueblo; el tratar de cambiar las cosas para hacerlas mejor. Ani y Angeles han trabajado siempre en esa línea, aguantando muchas veces, y aprendiendo a ser un poco más duras en momentos determinados sufriendo a veces situaciones que debemos desterrar; la contienda política está bien pero creemos que otro tipo de contienda no.

También agradecer especialmente a Manolo Vilar; Manolo es una institución en Baiona; lleva muchísimos años en la vida pública; anteriormente en su puesto de Director, y de profesor, y después en la política. Es una persona fundamental en política, y como decía Angel nosotros tenemos una visión parcial de Manolo antes de trabajar con él y la verdad es que hay que conocerlo y saber la sensibilidad que tiene hacia Baiona, lo que le duele Baiona, y además tiene una visión global clarísima de hacia dónde tiene que ir Baiona. Decir que hemos logrado trabajar en los últimos años con una coordinación total y absoluta, donde él nunca trató de imponer ningún criterio; hablábamos entre todos y siempre había una convivencia especial. Te digo de verdad, Manolo, que el aprecio ya no es solo político sino personal, por parte de todos nosotros; te lo estoy diciendo yo pero es algo general, y así se debe transmitir. Creo que Manolo va a pasar a las páginas de la historia de Baiona como una persona que hizo muchísimo por Baiona; no sé si aparecerá la frase ¿qué no hizo Manolo Vilar en Baiona?; seguro que sí.

También quiero dar un agradecimiento muy especial a la oposición, de la que yo aprendí; aprendía casi más en la oposición que en el gobierno, y aprendí porque había un gobierno en ese momento que trataba de hacerlo lo mejor posible, evidentemente con nuestras discusiones porque en algunos temas no estábamos de acuerdo, pero lo cierto es que en Baiona hemos conseguido cosas que en ciudades importantísimas no se han conseguido; llegando a consensos en temas fundamentalmente como el tema de la bahía de Baiona, ó de la depuradora, ó como fue el embalse de Bahíña, la ampliación; temas que en otros Ayuntamiento como en Vigo, por ejemplo, no han sido capaces de ponerse de acuerdo, aquí se han conseguido; y se han conseguido porque ha habido una oposición que ha dicho que por encima de todo está Baiona; Roberto así lo expresaba antes.

Lo más importante, lo que más he aprendido, ha sido precisamente a valorar mi pueblo y tratar de hacer las cosas para que dejemos a nuestros hijos una Baiona mejor de la que cogimos, y creo que eso es una función fundamental en la que debería estar implicada mucha más gente; por eso es bueno que rotemos, que vayamos cambiando, para que nueva gente pueda dar impulso; y quiero dar un abrazo muy especial a los concejales del PSOE, en el sentido de que no van a volver, en esta legislatura; pero estoy convencido, porque tienen la experiencia suficiente, y sobre todo porque quieren a Baiona, que van a estar ahí; sabemos que en los partidos unas veces estás más arriba, otras más atrás, pero lo importante es querer hacer cosas por tu pueblo, esa es la política más importante, y más dura también, pero desde luego es la que yo defiendo como la imprescindible; la política local es la imprescindible; las demás pueden estar ó no estar, pero desde luego la municipal es imprescindible y yo creo que ustedes han hecho un papel importantísimo, por ello mi agradecimiento. Y también mi agradecimiento especial a los funcionarios de mayor nivel de este Ayuntamiento, que hemos tenido la gran suerte de que vinieran a Baiona y están trabajando con una implicación que ya no solo es profesional sino personal, con el proyecto de Baiona, y defienden a Baiona allá donde estén hasta el final; y la verdad es que como tengo la suerte de trabajar con ellas, estoy encantado; creo que es algo global por parte de todos los concejales porque ellas siempre están dispuestas y abiertas a todo, de mañana, de tarde, y están siempre velando por los intereses de Baiona. Muchísimas gracias a Susana y a Rosa, gracias de verdad. Gracias a todos, esperemos que nos vaya bien a todos en el futuro, y volver a decir que el día 8 nos reuniremos y podremos charlar con más calma. Gracias.

---

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do mesmo día, de todo lo cal como Secretaria, CERTIFICO.